



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 Muros
A Coruña
Tfno.: 981 826 050
correo@muros.gal
www.muros.gal

María Inés Monteagudo Romero, alcaldesa do Concello de Muros (A Coruña)

Expediente: 2020/X998/000328

O Concello de Muros leva programando as escolas deportivas dende o ano 1991 de xeito ininterrompido ata a actualidade. Nesta actividade chegan a participar ao redor de 100 persoas de diferentes idades durante os meses de outubro e ata maio nos pavillóns municipais Xosé Lago (Esteiro) e Miraflores (Muros).

Examinada a proposta das bases da actividade, que constan no expediente

RESOLVO

Primeiro.- Aprobar as bases que regularán a actividade, escola deportiva de ximnasia 2020/21, que se poden examinar no expediente 2020/X998/000328 e se achegan no anexo I.

Segundo.- Proceder á publicidade destas no taboleiro de anuncios e na páxina web municipal, www.muros.gal., para o xeral coñecemento e os efectos oportunos.

En Muros na data sinalada na marxe

Asinado dixitalmente

A alcaldesa

A secretaria

María Inés Monteagudo Romero

María Ofir Aboy García



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 Muros
A Coruña
Tfno.: 981 826 050
correo@muros.gal
www.muros.gal

ANEXO I: BASES DE REGULACIÓN DA ESCOLA DEPORTIVA DE XIMNASIA DE MANTENEMENTO PARA O CURSO 2020/21

1. INSCRICIÓNS

1.1. O prazo de solicitude de inscrición na escola deportiva de ximnasia establécese do seguinte xeito:

- Solicitude de inscrición: do 12 ao 24 de novembro (ambos incluídos).
- Sorteio: 26 de novembro (en presenza da secretaria municipal, no suposto de que o número de solicitudes supere ao número de prazas dispoñibles).
- Inicio da actividade: 30 de novembro

1.2. Para solicitar a inscrición na escola deportiva de ximnasia deberá cubrir o formulario específico de solicitude e presentalo do seguinte xeito:

- No rexistro de entrada do Concello de Muros (Casa do Concello) segundo o artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- A través da sede electrónica do Concello de Muros: sede.muros.gal

O formulario de solicitude poderá descargarse da páxina web do Concello de Muros, www.muros.gal, ou directamente da sede electrónica, sede.muros.gal.

1.3. A persoa solicitante só poderá participar nunha quenda (pavillón de Miraflores ou pavillón Xosé Lago) e cada unha destas quendas contará cun máximo de 6 alumnos/as.

1.4. Terán prioridade as persoas empadroadas no Concello de Muros. No caso de que non se completaran as prazas, estas poderán ser ocupadas por persoas non empadroadas no Concello de Muros. Unha medida excepcional e provisional para paliar as consecuencias ocasionadas pola COVID-19, de forma que se poida garantir o dereito da veciñanza, previsto no artigo 18 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, de utilización dos servizos públicos municipais.

1.5. A adxudicación pode ser:

- Directa, no caso de que a demanda non supere o número de prazas dispoñibles en cada quenda.
- Por sorteo, no suposto de que o número de solicitudes supere o número de prazas dispoñibles.

Así mesmo, dará lugar a unha lista de espera para cada unha das quendas.

1.6. As quendas e idades establécense do seguinte xeito:

- Nados/as nos anos anteriores ao 2004



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 Muros
A Coruña
Tfno.: 981 826 050
correo@muros.gal
www.muros.gal

- Período: de novembro a maio
- Quendas en Esteiro:
 1. Martes de 19:00 h a 19:45 h e xoves de 20:00 h a 20:45 h
 2. Martes de 20:00 h a 20:45 h e xoves de 19:00 h a 19:45 h
 3. Mércores de 19:00 h a 19:45 h e venres de 19:45 h a 20:30 h
 4. Mércores de 20:00 h a 20:45 h e venres de 18:45 h a 19:30 h
- Quendas en Muros:
 1. Luns de 18:00 h a 18:45 h e xoves de 19:00 h a 19:45 h
 2. Luns de 19:00 h a 19:45 h e xoves de 18:00 h a 18:45 h
 3. Martes de 18:00 h a 18:45 h e venres de 19:00 h a 19:45 h
 4. Martes de 19:00 h a 19:45 h e venres de 18:00 h a 18:45 h

Procuraranse novas quendas alternativas en función da lista de reservas.

Os horarios e a composición dos grupos poderán ser modificados en función doutras demandas, das novas normas sanitarias e doutras actividades no pavillón.

1.7. Lugares:

- Muros: pavillón de Miraflores
- Esteiro: pavillón Xosé Lago

1.8. Información:

- Pavillón municipal de Miraflores: 981 762 152
- Centro Cultural e Xuvenil de Muros: 981 762 294

1.9. Cota de participación: gratuíta

1.10. Comezo da actividade: a partir do 30 de novembro

2. REQUISITOS

2.1. Para poder asistir á escola deportiva de ximnasia é preciso:

- Nacer nalgún dos anos anteriores ao 2004.
- Non padecer ningunha enfermidade que lle impida practicar deporte.
- Cumprir as medidas de prevención COVID-19 establecidas polas autoridades sanitarias e polo Concello de Muros, así como as que se achegan nestas bases.



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 Muros
A Coruña
Tfno.: 981 826 050
correo@muros.gal
www.muros.gal

2.2. Asinar a declaración responsable que garanta que a persoa durante os 14 días previos á actividade non tivo tose, febre, cansazo ou falta de aire, nin estivo en contacto con ninguén con esta sintomatoloxía.

2.3. O pai, nai ou titor/a deberá cumprimentar a pertinente autorización no caso de menores de idade, así como a declaración responsable.

2.4. Calquera circunstancia que non apareza nestas bases será tratada de maneira individual, previa solicitude da persoa interesada (así como calquera circunstancia de carácter especial que se puidera producir).

2.5. No caso de que a persoa padeza algunha necesidade especial farase constar na solicitude de participación.

3. ACTIVIDADES

3.1. Seguiranse os protocolos sanitarios establecidos.

4. EQUIPO NECESARIO

- Toalla
- Estirilla
- Xel hidroalcolico individual
- Botella de auga
- Máscara

5. PUBLICACIÓN DAS BASES

Mediante resolución da Alcaldía, estas bases serán publicadas no taboleiro de anuncios e na páxina web municipal, www.muros.gal.



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 Muros
A Coruña
Tfno.: 981 826 050
correo@muros.gal
www.muros.gal

MEDIDAS EXTRAORDINARIAS PARA PREVI R A POSIBILIDADE DE CONTAXIOS POR COVID-19 NA ESCOLA DEPORTIVA DE XIMANSIA DE MANTENEMENTO 2020

Para previr a posibilidade de contaxios por COVID-19 valorarase polo miúdo a posibilidade de participación, seguindo as seguintes medidas:

1. MEDIDAS DE PREVENCIÓN

- Será obrigatorio o uso de máscara durante toda actividade.
- Garantirase o cumprimento dos protocolos sanitarios e de seguridade vixentes na data de realización da actividade (medidas persoais de hixiene e prevención obrigatorias).
- Tomarase o control da temperatura dos/as participantes.
- Os/as proxenitores/as ou titores/as dos/as participantes deberán responsabilizarse da súa situación particular fronte ao COVID-19, de tal forma que se alguén presenta sintomatoloxía asociada co COVID-19 non acudirá e contactará co servizo de deportes do Concello de Muros.
- A/o nai/pai/ ou titor/a presentará unha declaración responsable (no modelo establecido) que garanta que durante os 14 días previos á entrada na escola deportiva de ximnasia de mantemento o/a menor non tivo tose, febre, cansazo ou falta de aire, nin estivo en contacto con ninguén con esa sintomatoloxía.
- A instalación estará ventilada en todo momento.

2. ACTUACIÓN ANTE SÍNTOMAS DUN POSIBLE CONTAXIO POR COVID-19

- No caso que durante a realización da actividade se declarase un caso de contaxio por COVID-19 na unidade familiar dun/dunha participante ou monitor/a, comunicárselle directamente ao Concello de Muros. Este comunicarlle a situación aos servizos sanitarios e seguirá o procedemento indicado por estes.
- Ante a aparición de síntomas unha vez na instalación e/ou durante o desenvolvemento da actividade, o/a participante en cuestión, deberá interromper a actividade informando ao/á monitor/a, así como manter a distancia e medidas de seguridade establecidas previamente.
- Tras a presenza de síntomas como febre, tose e dificultade respiratoria, o/a monitor/a deberá chamar ao 061 ou ao 900 400 116 (segundo proceda) e seguir as instrucións das autoridades sanitarias, así como á familia para que sexan conscientes da situación.
- No caso de que os servizos sanitarios aconsellen a un/unha participante, tras a súa avaliación, o illamento por posible sintomatoloxía relacionada coa COVID-19, os familiares recollerano/a nun prazo máximo de 2 horas.



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 Muros
A Coruña
Tfno.: 981 826 050
correo@muros.gal
www.muros.gal

- Paralizarase a actividade e comunicáraselle ás persoas participantes a presenza dun caso positivo por COVID-19 na escola deportiva de ximnasia de mantemento. Tamén se lle comunicará da existencia dun caso positivo por COVID-19 ao resto de persoal implicado.
- Seguindo as instrucións das autoridades sanitarias poderase decretar a cancelación da escola deportiva de ximnasia de mantemento e o peche temporal da instalación para a súa desinfección.

3. NORMAS PARA A PREVENCIÓN

Normas xerais para a prevención:

- Desinfectaranse as mans á entrada e á saída da actividade.
- Os/as participantes non poderán compartir bebidas, comida...
- Evitarán o saúdo con contacto físico (non bicar, non abrazar, non dar a man...)
- Evitarán tocar os ollos, o nariz e a boca.
- Distintivos e cartelería informativa coa normativa de hixiene e espazos comúns.
- Toma e rexistro de temperatura á entrada da actividade.



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 Muros
A Coruña
Tfno.: 981 826 050
correo@muros.gal
www.muros.gal

MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE E AUTORIZACIÓN POR COVID-19

NOME DO PAI/NAI/TITOR con DNI **NÚM. DNI** e pai/nai/titor/titora de **NOME DO/A NENO/A** declaro baixo a miña responsabilidade:

- Que durante os 14 días previos á entrada na escola deportiva de ximnasia de mantemento **NOME DO/A MENOR** non tivo tose, febre, cansazo ou falta de aire, nin estivo en contacto con ninguén con esta sintomatoloxía.

NOME DO PAI/NAI/TITOR con DNI **NÚM. DNI** e pai/nai/titor/titora de **NOME DO/A NENO/A** autorizo:

Ao Concello de Muros á toma de temperatura e o rexistro diario do meu/miña fillo/a como medida preventiva para evitar contaxios por COVID-19.

Muros, **DATA**

SINATURA



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 Muros
A Coruña
Tfno.: 981 826 050
correo@muros.gal
www.muros.gal

MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE E AUTORIZACIÓN POR COVID-19

NOME E APELIDOS con DNI **NÚM. DNI** declaro baixo a miña responsabilidade:

- Que durante os 14 días previos á entrada na escola deportiva de ximnasia de mantemento non tiven tose, febre, cansazo ou falta de aire, nin estiveren en contacto con ninguén con esta sintomatoloxía.

NOME E APELIDOS con DNI **NÚM. DNI** autorizo:

Ao Concello de Muros á toma de temperatura e o rexistro diario do meu/miña fillo/a como medida preventiva para evitar contaxios por COVID-19.

Muros, **DATA**

SINATURA



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 Muros
A Coruña
Tfno.: 981 826 050
correo@muros.gal
www.muros.gal

FICHA DE INSCRICIÓN - ESCOLA DEPORTIVA MUNICIPAL DE XIMNASIA PARA O CURSO 2020-2021

DATOS DO/A ALUMNO/A

Nome e apelidos	
Data de nacemento	
DNI	
Teléfono	
Enderezo	
Localidade	
Correo-e	

DATOS DO TITOR/A (no caso de menores de 18 anos)

Nome e apelidos	
Data de nacemento	
DNI	
Teléfono	
Enderezo	
Localidade	
Correo-e	

ACTIVIDADE 1

Nome da actividade: XIMNASIA DE MANTEMENTO

Lugar: Muros (Pavillón de Miraflores) Esteiro (Pavillón Xosé Lago)

- AUTORIZO
 NON AUTORIZO

ao Concello de Muros para que permita a **captación de fotografías, á gravación de imaxes e ao rexistro de son** daqueles eventos organizados polo Concello e vinculados ás escolas deportivas e actividades anteriormente descritas, nos que apareza a/o menor ou eu mesmo, ben a título individual ou formando parte dun grupo.

Muros,

Asinado: _____

(Deberá asinar o/a usuario no caso de ser maior de 18 anos ou o/a titor/a no caso dun/dunha menor/a)